

## ANEXO 1

### Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais/nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico na Escola Oficial de Idiomas de Vigo, informámoslos do protocolo que se seguirá en canto ao control de faltas de asistencia do alumnado menor e información de ausencias do profesorado.

#### 1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO.

Unha vez vez iniciadas as actividades lectivas e a partir da finalización do proceso de matrícula o 15 de outubro, o profesorado do centro procederá a cargar semanalmente as faltas de asistencia do alumnado menor de idade na aplicación informática Centrosnet á que se accede dende a páxina web da E.O.I.

Instrucións para acceder a Centrosnet (tamén dispoñibles na páxina web da E.O.I):

1. Entrar na páxina web da EOI. [www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org),
2. Seleccionar Centrosnet no menú superior.
3. Escoller a central ou extensión na que se curse estudos.
4. Introducir o usuario e contrasinal:  
USUARIO: número de expediente (figura no carné da EOI do alumnado) ou ben a data de nacemento separada con guións, por exemplo: 03-07-1994  
CONTRASINAL: DNI, sen letra.
5. Clicar na pestana “GENERAL” e “Faltas por Día” no menú despregable



Curso Escolar	Asignatura	Año	Mes	Día	Faltas	
2010	Inglés	2010	Diciembre	02	1	No Justifica
2010	Inglés	2010	Diciembre	03	1	No Justifica
Inglés					2	

#### 2. AUSENCIA DO PROFESORADO.


A Escola Oficial de Idiomas non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado cando o seu profesor/a non pode impartir a súa clase.

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición na páxina web da EOI, no apartado “ausencia do profesorado”. Neste caso o pai/nai ou titor deberá comprometerse a non enviar ao menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a. No caso de ausencia imprevista do profesorado, o pai/mai ou titor/a comprométese ou ben a recoller o seu fillo no centro ou ben a autorizalo a regresar só á súa casa. A escola facilitará o uso do teléfono en caso necesario.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Escola Oficial de Idiomas de Vigo  
Avda. Martínez Garrido, 17 - 36205 - VIGO  
tlf: 986 260 210 - fax: 986 262 599  
e-mail: [eoivigo@edu.xunta.es](mailto:eoivigo@edu.xunta.es)  
<http://www.eoidevigo.org>



## IMPRESO QUE DEBEN CUBRIR PAIS/NAIS/TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

### ANEXO 2

Dn/Dna: \_\_\_\_\_, pai/nai/ titor/a do/a alumno/a  
\_\_\_\_\_, matriculado/a no curso  
\_\_\_\_\_ do idioma \_\_\_\_\_ os días \_\_\_\_\_ en horario  
\_\_\_\_\_.

DECLARO coñecer o protocolo de control de asistencia do alumnado menor a través da páxina web da escola na aplicación centros net e comprométome a responsabilizarme do seguimento da asistencia do meu fillo/a ás actividades lectivas da E.O.I. de Vigo.

En canto ás ausencias do profesorado, comprométome a consultar a información na páxina web da Escola de Idiomas e a non enviar o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista autorizo o meu fillo/a miña filla a abandonar o centro e regresar ao seu domicilio ou comprométome a recollelo na E.O.I.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201 \_\_\_\_  
Asdo:

**SR/A DIRECTOR/A DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO**

\*Este documento debe ir acompañado de copia do D.N.I. dos pais/nais ou titores do alumnado menor.